

CONCELLO DE TOQUES

SEPARATA N. 08



ÍNDICE

1.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	1
2.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	2
2.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA.....	2
2.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO.....	2
3.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL	3
4.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	4
5.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	5
6.	ANEXO FOTOGRÁFICO	7
7.	ANEXO PLANOS	14

1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

No actual concello de Toques, o camiño, sinala Madoz no seu Dicionario, seguía polo centro de Santiago de Vilouriz e de San Estevo de Vilamor¹, e a continuación toca o termo norte da freguesía de san Martiño de Oleiro². As freguesías de Santiago de Vilouriz e San Esteban de Vilamor, foron obxecto dunha doazón ao mosteiro de San Antolín de Toques por Afonso VII en 1126.

O mosteiro de Toques non está documentado ata a segunda metade do século XI, sen embargo a súa fundación hai que remontala probablemente a fines do s. X. Esta opinión ven avalada polo primeiro documento conservado do cenobio, a doazón do couto de Meire, en 1067 polo rei don García, no cal o monarca menciona que o mosteiro pertenceu, antes que a el, aos seus pais Fernando e Sancha, ao seu tío Vermudo III e ao seu avó, Afonso V, quen reinou entre os anos 999 e 1028³. O couto monástico de Toques foi concedido por Afonso VI en 1077: *...et cauto in ómnibus hereditatibus vestris que sunt in giro ipsius monasterio, et cauto vobis eas per terminos quomodo solebant per Porto plano et per aqua de Porto Lalli, et inde per cancelos quomodo vadit per fonte Iohanni, et inde ad illa petra superposita de Castro Petri, et inde ad illos paramios, et inde per illos cautos de Superato quomodo vadit per illa penna que dicitur Maure Mortua, et inde ad illo castro de Eldegam, et inde ad Santa Marina de Branias, et inde quomodo vadit per illo flumine de Varacone ad vale, et inde vadit unde prius incohabimus ad Porto Plano*⁴. Toques será señor titular do seu couto ata a súa desaparición como mosteiro en 1499. Nesta data o couto monástico, posiblemente composto polas freguesías de Santa María de Brañas, Santa María da Capela, Santo Tomé Mangueiro, San Xulián do Monte, Santa Eufemia do Monte, Santa María de Ordes e San Paio de Paradela, pasou a depender do cenobio compostelán de Pinario.

En 1126, como se dixo con anterioridade, Afonso VII engade ao couto de Toques as igrexas de Santiago de Vilouriz, San Estevo de Vilamor e San Pedro de Folladela: *...facio hunc privilegium vobis... sancti Antonini et Sancte Marie Virgine... in loco predicto vero dicunt Tokas super rivulo domini flamosino, sup alpe maura, territorio Avancos sup urbe ouuentensse ubi permanet pre solidissimus... constructa ecclesia... et offero et cauto vobis ... tres ecclesias nominatas Sancti Iacobi de villa Audeti, Sancti Estephani de villa Mauri, Sancti Petri de Foliadela*⁵. Don Manuel Lucas dubida da autenticidade deste documento⁶. Sen embargo, cabe a posibilidade de que a doazón afonsina fose certa e que, cando foi fundada a vila de Melide, o señorío de Vilamor e Vilouriz lle fose retirado ao cenobio para pasar a formar parte do alfoz da nova poboación.

O certo é, que polo menos no s. XV, San Estevon de Vilamor era señorío do arcebispo de Santiago, quen en 1406 lla cedía en “terraria” a Don Andrés Sánchez de Gres⁷. Polo contrario, San Pedro de Folladela sigue pertencendo ao couto do mosteiro de San Antolín de Toques ata o s. XV. Segundo o catastro de Ensenada, nos termos desta freguesía de San Pedro atopábase “o

Camino Real que pasa á vila de Arzúa”, e en Santa María da Capela, onde está San Antolín de Toques, menciónase tamén no Catastro entre os seus termos o “Camino Real”, sen que se especifique neste caso o lugar cara o que se dirixía⁸.

¹ Madoz, *Diccionario...*, Vol. VI, pp. 1347 y 1333.

² Madoz, *Diccionario...*, T. IV, p. 891.

³ M. Lucas Alvarez, *San Paio de Antealtares, Soandres, y Toques: tres monasterios medievales gallegos*, Seminario de Estudios Gallegos, 2001, doc. real de Toques, nº 1

⁴ 134 M. Lucas Alvarez, *San Paio de Antealtares...*, doc. real de Toques, nº 2.

⁵ M. Recuero Astral, M. González Vázquez, P. Romero Portilla, *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*, Xunta de Galicia, 1999, doc. nº 21.

⁶ M. Lucas Alvarez, *San Paio de Antealtares, Soandres, y Toques: tres monasterios medievales gallegos*, Seminario de Estudios Gallegos, 2001, doc. real de Toques, nº 4.

⁷ M. González Vázquez, *El arzobispo de Santiago...*, p. 170.

⁸ AGS-CE-RG-L175-198.jpg, y L171-371.jpg.

2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

2.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Trazado do Camiño: Serra do Careón (límite co concello de Palas de Rei) – A Ponte da Pedra, Río Furelos (límite co concello de Melide)

O Camiño de Ovedo ao seu paso polo termo municipal de Toques percorre as parroquias de San Estevo de Vilamor, Santiago de Vilouriz e toca puntualmente no límite co concello de Melide a de San Tome de Magoeiro.

Tramo Serra do Careón – A Ponte da Pedra

A vía de peregrinación entra no termo municipal de Toques tras pasar a divisoria da Serra do Careón. A ruta vai por unha pista asfaltada que une Hospital das Seixas, no concello de Palas, con Vilouriz. A ambos lados da pista consérvanse vestixios do antigo trazado do Camiño. Nun primeiro treito, duns catrocentos cincuenta metros, o Camiño cruza zonas de monte plantadas con piñeiros (pinus insignis). Ao final do bosque ábrese as vistas cara unha paisaxe de vales e montes de formas suaves ocupados por agros e prados limitados por valos de pedra, entre os que aparece un arborado disperso. Algunhas das antigas zonas de cultivo aparecen abandonadas e ocupadas polo toxo. O Arborado esta composto de bidueiros, salgueiros e ameneiros, nas zonas máis húmidas, e de grupos illados de carballos e piñeiros, coa presenza puntual de algún eucalipto. Como elementos salientables da paisaxe cabe destacar o Castro de Cardelle ou de Vilamor, que se levanta sobre un outeiro visible ao longo de gran parte do tramo, e o núcleo urbano de Melide, visible ó lonxe.

O Camiño continúa pola pista durante un novecentos metros, entre unha paisaxe de prados. Á altura do desvío que leva ao núcleo de Arnade, pasa xunto á Mámoa de Avieiro, visible nun prado ao norte da estrada, que forma un grupo coas dúas mámoas de O Cibreiro, situadas un pouco mais ao oeste. Douscentos metros mais adiante do cruce de Armade, a ruta segue por un camiño de terra que se desvía da estrada á esquerda. O camiño está definido por noiros na súa beira norte e por valos na sur, os seus laterais están ocupados por bidueiros e carballos. O tramo ten vistas cara ao sur dos prados e das ladeiras da Serra do Careón.

Nas proximidades de Vilouriz o Camiño convertese unha profunda congostra limitada a ambos os dous lados por noiros verticais que bordean o Castro de Vilouriz ou de Mangoeiro. Despois de atravesar Vilouriz de Abaixo, deixa o núcleo tras pasar xuto á fonte de Vilouriz, vai un pequeno treito pola pista asfaltada que une Vilouriz de Abaixo con Monte da Feira, e segue polo camiño de terra que leva a Vilamor. Dende o Camiño téñense vistas do sistema de socacos dos agros que dende Vilouriz se estenden cara ao sur, ata chegar ao rego de Guillamil, no límite da ladeira do Monte das Fragas, ao outro lado do val. Dende o camiño hai tamén vistas puntuais cara ao norte do Castro de Vilamor ou de Cardelle.

Uns seiscentos metros pasado Vilouriz a traza orixinal do camiño atopase cortada por unha cancela e un pouco mais adiante por unha acumulación de terra. Existen vestixios da traza na ladeira do monte, aínda que esta atópase invadida polo toxo que cubre toda a zona. Na actualidade utilízase un camiño situado un pouco mais ao sur que sube ao cume do monte e baixa a ladeira para volver a xuntarse co camiño orixinal na ponte que cruza o rego dos Lagares, que nesta zona atravesa un prado coas súas marxes bordeadas de ameneiros.

Pasada a ponte o Camiño ascende ata chegar a Vilamor, atravesa o núcleo de Vilamor de Arriba e continúa pola estrada asfaltada cara a Vilamor de Abaixo. O tramo entre os dous núcleos se caracteriza polas vistas cara ao sur, da Agra de Vilamor e polo impacto producido polos muros de contención de formigón situados na beira norte da estrada, que se prolongan no tramo de estrada que percorre Vilamor de Abaixo.

O Camiño continúa pola estrada e atravesa o núcleo de Irago de Arriba. Un núcleo lineal moi espallado, ao longo do cal a estrada ten beirarrúas. Neste tramo ábrese vistas a ambos os dous lados.


Pasado Irago de Arriba a ruta continúa ata a ponte que cruza o río Furelos, cerca do lugar de A Ponte da Pedra, xa no concello de Melide. Os prados situados en torno á ponte e as galerías de ameneiros que cobren o curso do río Furelos e do rego de Irago, que se une ao anterior neste punto, forman un conxunto de gran interese paisaxístico.

Trazado con vestixios históricos Serra do Careón – Vilouriz

Nos primeiros catrocentos sesenta metros do camiño entre o límite con termo municipal de Palas de Rei na Serra do Careón e Vilouriz, a ambos lados da pista asfaltada existente na actualidade, poden apreciarse trazas da caixa do camiño orixinal, parcialmente ocultas baixo a vexetación.

A continuación de este tramo, á saída da superficie actualmente ocupada polo piñeiral hai outro tramo duns douscentos metros, ao norte da estrada, no que a traza orixinal aparece mais claramente delimitada por valos de pedra a ambas as dúas beiras.

2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado do Camiño e dos trazados con vestixios históricos ao trazado posto a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997

Trazado do Camiño  Trazado con vestixios históricos 
Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 

A proposta basease no estudo histórico realizado por M^a del Carmen Rodríguez González, no estudo da cartografía histórica e das ortofotos dispoñibles, en especial as correspondentes ao voo do ano 1956. Así mesmo se tomaron como base de partida as delimitacións realizadas no ano 1997 pola Xunta de Galicia e a que realizou a Oficina de Planeamento para a Dirección Xeral de Promoción do Camiño de Santiago no ano 1996 para a delimitación do Camiño de Santiago Norte: Camiño de Oviedo.

2.2.1. TRAMO VILOURIZ - VILAMOR

O trazado proposto do paso do Camiño polo concello de Toques coincide co sinalizado pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. En relación co trazado realizado pola Xunta de Galicia no ano 1997 a única diferenza prodúcese uns catrocentos cincuenta metros antes de cruzar o rego dos Lares, no tramo entre Vilamor e Vilouriz. O camiño atopase cortado por unha cancela e un pouco mais adiante por unha acumulación de terra. Existen vestixios da traza na ladeira do monte chamado A Pedrosa, aínda que esta atópase invadida polo toxo que cubre toda a zona. Na actualidade utilízase un camiño situado un pouco mais ao sur que sube ao cume do monte e baixa a ladeira para volver a xuntarse co camiño orixinal na ponte que cruza o rego. Dado que o camiño utilizado actualmente non se atopa recollido nos planos do catastro e o trazado orixinal si figura como terreo público no catastro, mantense este último como traza do Camiño.



Variación do trazado do Camiño respecto ao trazado do ano 1997 entre Vilouriz e Vilamor

Trazado do Camiño ——— Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 ———

3. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

A continuación realízase unha diagnose dos diferentes tramos do Camiño en función da súa calidade ambiental, o estado do seu pavimento, as dificultades existentes para o tránsito dos camiñantes e o estado da súa sinalización. Para a descrición mais axeitada das condicións do Camiño en cada zona os tramos nos que se dividiu a traza para a súa descrición divídense a súa vez en subtramos mais pequenos de características mais homoxéneas.

Tramo Serra do Careón – A Ponte da Pedra

Serra do Careón - Arnade

A calidade ambiental do tramo é boa. Durante os primeiros catrocentos cincuenta metros o Camiño percorre unha zona de vistas pechadas plantada con piñeiros. No seguinte treito ábreanse as vistas sobre unha paisaxe na que os prados alternan cas toxeias e o arborado disperso.

O pavimento do tramo é de asfalto en bo estado de conservación.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos.

O tramo atopase ben sinalizado.

Arnade – Vilamor de Arriba

A calidade ambiental do tramo é moi boa. A paisaxe caracterízase pola alternancia de zonas pechadas polo arborado ou os noiros que delimitan o Camiño, e abertas cara aos prados e as agras que se estenden ao seu lado sur. Tamén hai vistas cara as ladeiras dos montes próximos, en xeral cubertas por toxeias e arborado autóctono nas zonas mais baixas. Teñen especial interese as vistas da Agra de Vilouriz, as vistas puntuais do Catro de Vilamor e o bosque de galería do entorno do Rego dos Lagares.

O pavimento do tramo é de terra compactada. Á saída de Vilouriz, xunto á fonte o Camiño atópase encharcado. O tramo que bordea o Monte da Pedrosa, antes de chegar ao Rego dos Lagares, atópase invadido polo toxo. Como xa se indicou este tramo non se atopa en uso na actualidade. O resto do pavimento do tramo encontrase en bo estado de conservación.

As dificultades que o tramo presenta para os camiñantes son as derivadas das incidencias no pavimento sinaladas no apartado anterior, polo demais o tránsito non presenta problemas salientables.

O tramo atópase sinalizado. No interior do núcleo de Vilouriz a sinalización non coincide co trazado proposto. No monte da Pedrosa a sinalización existente sinala o camiño alternativo en uso na actualidade. No momento no que se recupere o tramo perdido deberá modificarse tamén a sinalización.

Vilamor de Arriba – A Ponte da Pedra

A calidade ambiental do tramo é media. A falta de coidado na construción do muro de contención de formigón que limita o Camiño pola súa parte norte entre Vilamor de Arriba e Vilamor de Abaixo supón unha perda para a calidade do tramo. Do mesmo xeito a disparidade de criterios nos peches, e nalgúns das edificacións situadas á beira do camiño entre Vilamor de Arriba e Irago de Arriba contribúen a minorar a calidade ambiental da zona. As vistas afastadas que se perciben de maneira puntual dende o Camiño axudan á comprensión da continuidade da paisaxe cos tramos anteriores. Como se van de sinalar mais arriba o conxunto de prados e arborado de ribeira do entorno ao río Furelos na súa confluencia co rego de Irago, na contorna da ponte que sinala o límite co concello de Melide, teñen gran interese paisaxístico.

O pavimento do tramo é de asfalto en bo estado de conservación.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos.

Plano de calidade ambiental do Camiño

[illegible]

 Moi Boa
 Boa
 Media
 Mala
 Moi mala

Pasada a Serra do Careón a paisaxe caracterízase polas ondulacións suaves e polas amplas vistas. As zonas próximas aos núcleos a paisaxe ven determinada polos amplos sistemas de agras, que chegan ata o fondo dos vales polos que corren os regos. Nas ladeiras dos montes, nas partes mais baixas dominan os bosques de bidueiros e carballos, as partes altas están cubertas polo monte baixo e as repoboacións de piñeiros.

Os elementos mais salientables da paisaxe incorporados ao ámbito de protección do territorio histórico son as Agras de Vilouriz e de Vilamor.

Durante o percorrido de todo o tramo o elemento que constitúe unha referencia clara na paisaxe e o Castro de Vilamor ou de Cardelle, visible dende a entrada no concello na Serra do Careón ata o límite co concello de Melide na Ponte da Pedra.

5. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
O Marco	Hospital	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	lugar funerario	589173	4756206
Medorra de O Cibreiro. Túmulo 1 de o Cibreiro	Arnade	VILOURIZ (SANTIAGO)	lugar funerario	587888	4755874
Medorra de O Cibreiro. Túmulo 2 de O Cibreiro	Arnade	VILOURIZ (SANTIAGO)	lugar funerario	587747	4755705
Mámoa de Avieiro	Arnade	VILOURIZ (SANTIAGO)	lugar funerario	588036	4755852
O Pazo. Castro de Vilouriz ou de Mangoeiro	Monte da Feira	VILOURIZ (SANTIAGO)	asentamento	587345	4755334
Hórreo 1	Monte da Feira	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587008	4755420
Hórreo 2	Monte da Feira	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587031	4755475
Hórreo 3	Monte da Feira	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	586976	4755507
Hórreo 4	Monte da Feira	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	586888	4755475
Hórreo 5	Monte da Feira	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	586903	4755493
Cruceiro de Santiago	Vilouriz	VILOURIZ (SANTIAGO)	cruceiro	586976	4755367
Igrexa parroquial de Santiago	Vilouriz	VILOURIZ (SANTIAGO)	relixiosa	586961	4755350
Fonte de Vilouriz	Vilouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	fonte	587075	4755294
Hórreo 1	Vilouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587111	4755125
Hórreo 2	Vilouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587115	4755167
Hórreo 3	Vilouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587100	4755183
Hórreo 4	Vilouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587141	4755258
Hórreo 5	Vilouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587181	4755264
Hórreo 6	Vilouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587115	4755263
Hórreo 7	Vilouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587076	4755219
Hórreo 8	Volouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587077	4755238
Hórreo 9	Vilouriz de Abaixo	VILOURIZ (SANTIAGO)	hórreo	587078	4755284
Hórreo en O Souto	O Souto	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	hórreo	585080	4755419
Casa tradicional na saída do Camiño polo núcleo de Vilamor de Arriba	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	585509	4755298
Hórreo 1 en Vilamor de Arriba	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	hórreo	585761	4755239
Hórreo 2 en Vilamor de Arriba	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	hórreo	585556	4755357
Conxunto vivenda y auxiliares tradicionais na zona W de Vilamor de Arriba	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	585564	4755398
Fonte de San Antonio en Vilamor de Arriba	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	fonte	585649	4755289
'Casa da Ferreira' en Vilamor de Arriba	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	585664	4755268
Vivenda e auxiliar tradicional en Vilamor de Arriba	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	585686	4755223
Igrexa parroquial de Santo Estevo de Vilamor	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	relixiosa	585643	4755256
Casa Eirexe	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	585639	4755274
Conxunto construcións tradicionais zona N Vilamor de Arriba	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	585643	4755323
Cruceiro de Santo Estevo	Vilamor de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	cruceiro	585670	4755224
Conxunto vivenda e auxiliares tradicionais en Rañoa	Rañoa	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	584915	4755323
Vivenda tradicional en Pazo de Arriba	O Pazo de Arriba	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	585281	4755264
Hórreo 1 en Vilamor de Abaixo	Vilamor de Abaixo	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	hórreo	585315	4755209

Hórreo 2 en Vilamor de Abaixo	Vilamor de Abaixo	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	hórreo	585143	4755267
Casa e auxiliar tradicional en Vilamor de Abaixo	Vilamor de Abaixo	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	585275	4755230
Hórreo e palleira en Vilamor de Abaixo	Vilamor de Abaixo	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	outros	585168	4755243
Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Vivenda e auxiliar tradicional en Vilamor de Abaixo	Vilamor de Abaixo	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	casa tradicional	585122	4755250
Hórreo 3 en Vilamor de Abaixo	Vilamor de Abaixo	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	hórreo	585130	4755175
Chousa da Trapa (Chousa Vella)	Irago	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	asentamento	584292	4755282
Túmulo 1 de Ponte da Pedra/túmulo 1 de A Finca de Duro	A Ponte da Pedra	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	lugar funerario	584061	4755125
Túmulo 2 de Ponte da Pedra/Túmulo 2 de a Finca de Duro	A Ponte da Pedra	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	lugar funerario	584061	4755058
Túmulo 3 de Ponte da Pedra/túmulo 3 de A Finca de Duro	A Ponte da Pedra	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	lugar funerario	584004	4755031
Túmulo 4 de Ponte da Pedra/Túmulo 4 de A Finca de Duro	A Ponte da Pedra	VILAMOR (SANTO ESTEVO)	lugar funerario	583952	4754935

6. ANEXO FOTOGRÁFICO



CPCA801001.JPG



CPCA801002.JPG



CPCA802001.JPG



CPCA802002.JPG



CPCA802003.JPG



CPCA802004.JPG



CPCA802005.JPG



CPCA802006.JPG



CPCA803001.JPG



CPCA803002.JPG



CPCA803003.JPG



CPCA803004.JPG



CPCA803005.JPG



CPCA804001.JPG



CPCA805001.JPG



CPCA805002.JPG



CPCA805003.JPG



CPCA806001.JPG



CPCA806002.JPG



CPCA806003.JPG



CPCA807001.JPG



CPCA807002.JPG



CPCA807003.JPG



CPCA807004.JPG



CPCA808001.JPG



CPCA808002.JPG



CPCA808003.JPG



CPCA808004.JPG



CPCA808005.JPG



CPCA809001.JPG



CPCA809002.JPG



CPCA809003.JPG



CPCA810001.JPG



CPCA810002.JPG



CPCA810003.JPG



CPCA810004.JPG



CPCA810005.JPG



CPCA810006.JPG



CPCA811001.JPG



CPCA812001.JPG



CPCA812002.JPG



CPCA812003.JPG



CPCA812004.JPG



CPCA812005.JPG



CPCA813001.JPG



CPCA813002.JPG



CPCA813003.JPG



CPCA814001.JPG



CPCA814002.JPG



CPCA814003.JPG



CPCA815001.JPG



CPCA815002.JPG



CPCA815003.JPG



CPCA816001.JPG



CPCA816002.JPG



CPCA817001.JPG



CPCA817002.JPG



CPCA818001.JPG



CPCA818002.JPG



CPCA818003.JPG



CPCA818004.JPG



CPCA818005.JPG



CPCA818006.JPG



CPCA818007.JPG



CPCA818008.JPG



CPCA818009.JPG



CPCA819001.JPG



CPCA819002.JPG



CPCA819003.JPG



CPCA820001.JPG



CPCA821001.JPG



CPCA821002.JPG



CPCA821003.JPG



CPCA822001.JPG



CPCA822002.JPG



CPCA822003.JPG



CPCA822004.JPG



CPCA822005.JPG



CPCA823001.JPG



CPCA823002.JPG



CPCA823003.JPG



CPCA823004.JPG



CPCA823005.JPG



CPCA823006.JPG



CPCA823007.JPG



CPCA823008.JPG



CPCA823009.JPG



CPCA823010.JPG



CPCA824001.JPG



CPCA824002.JPG



CPCA824003.JPG



CPCA825001.JPG



CPCA825002.JPG



CPCA825003.JPG



CPCA825004.JPG



CPCA826001.JPG



CPCA826002.JPG



CPCA826003.JPG



CPCA826004.JPG



CPCA826005.JPG



CPCA826006.JPG



CPCA826007.JPG



CPCA827001.JPG

7. ANEXO PLANOS